


A FINESTRA DO TILA



10-11

LETRAS GALEGAS 2011

LOIS PEREIRO

Lois Sánchez Pereiro naceu en Monforte de Lemos en 1958 no seo dunha familia orixinaria de O Incio, onde , durante a infancia, pasaba os veráns na compañía dos seus avós. Após os estudos en Monforte marcha a Madrid para facer socioloxía. Defraudado xa que non se cumpriron as súas expectativas, deixa esta carreira e regresa á casa monfortina para traballar na empresa familiar, unha cristalaría.

Regresa a Madrid para estudar inglés, francés e alemán na Escola de Idiomas e, aínda que xa comezara a escribir con 15 anos, vai ser na capital de España onde escriba entre 1975 e 1978 *Poemas para una loia*, libro póstumo que recolle as poesías publicadas na revista *Loia* na que tamén publicaban Manuel Rivas, Antón Patiño ou o seu irmán Xosé Manuel. En Madrid, ademais de escribir e estudar, participa e goza da etapa política da transición e da famosísima “Movida”.



Con Piedade, o seu amor, viaxa por Centroeuropa e Irlanda, busca o seu futuro ata que en 1981 cae enfermo. Pasan meses sen saber con certeza que ten, pero o seu deterioro é rápido. Por fin diagnósticaselle “síndrome do aceite tóxico”, é un máis dos moitos afectados pola inxestión de aceite de colza.

A enfermidade devólveo a Galicia, sufrindo fortes dores, e instálase en A Coruña da que só sairá por breves días para realizar algunha viaxe na compañía de Piedade ou doutros amigos e da familia.

Nese ano de 1981 entra en contacto en A Coruña con outros poetas como Xavier Seoane, Francisco Salinas Portugal ou Xulio López Valcárcel e súmase á revista *La Naval*, participando en antoloxías como *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985). Compaxinaba, cando a enfermidade o permitía, a escrita co traballo de tradutor de alemán, francés e inglés para dobraxe de cine e televisión.

En 1992 publicou o seu primeiro poemario *Poemas 1981/1991* comezando así a fama de poeta maldito e icona do postpunk.

Nada

Cun saúdo ó corpo
á terra
e Nada
déronlle terra estraña
á frol maldita
da súa peorimaxe
ó seu cadavre
en plena posesión do seu futuro
aduviñándose na súa pel
o alentó envolto en seda dunha amante
presente na súa ausencia
as mans xeadas
un perfume mortal
e outra vez nada.

Poesía última de amor e enfermidade (1995) é o seu derradeiro libro en vida e recolle os poemas escritos entre 1992 e 1995. Nel manifestase como autor de referencia na nosa lingua cunha poesía cargada de dor e ao tempo de amor.

O corredor de fondo perde o alento

Fuxindo dunha vida inzada de renunciadas
da súa liturxia obesa e oleosa,
mediocre nos seus comunais fracasos,
bágoas de xelo, indignación contida
non deu chegado a tempo de exercer
a súa rebelión,
nin de levar a cabo
a súa vinganza definitiva
contra un mundo inxusto, homicida, e cruel,
pola inutilidade da súa propia vida
solitario, enfermo e fatigado,
a morte anticipouse e chegou antes.

outono, 95

En 1997, un ano despois da súa morte, publícase o xa mencionado *Poemas para una loia* que inclúe os poemas publicados na revista *Loía* e o ensaio *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia* publicado no nº 27 da revista *Luzes de Galiza*.

Morre en 1996 e, segundo sentenza xudicial, o motivo da súa morte foi una intoxicación por aceite de colza desnaturalizado, aínda que padecía un cúmulo de infeccións, entre elas sida.



MARÍA XOSÉ

Preguntas xenéricas

- Cantos anos levas aquí? Oito.
- Que tal o centro? Ben en xeral.
- Que estudaches? Administrativa, pero traballo como funcionaria.
- Dáche pena marchar de aquí? Si, porque encontrei bos compañeiros e deixo amigos.
- Por que marchas? Porque despois de tantos anos aquí quero cambiar.
- Elixiches o teu traballo? Si.
- O teu mellor amigo no centro? Non hai un en especial, hai varios iguais.
- Que prefires o trato cos pais ou cos alumnos? Cos alumnos porque son máis agradables.
- Fas algún deporte? Non unicamente vou ao ximnasio para manterme.

As súas frases míticas

“A cabeza non para”
“Que me enveleno!”
“Estou desta catervaxe ata os ollos”
“Voute canear”
“Se eu mandara ...”
“O día que eu falte ...”

Anécdotas (contadas por algúns compañeiros)

- 1- Anécdota de Miguel: Todo o mundo lle chama a xefa ou a directora.

Un día estaba eu buscando á antiga directora e cando saín ao corredor pregunteille a Domi se sabía onde estaba a directora e esta foi a súa resposta.

- Quen , María Xosé?

- 2- Anécdota de Alicia: Fixemos cos rapaces un tramo do camiño de Santiago e cando eu xa o deixara ela seguiu ata o final. Ao día seguinte veu ao colexio cunhas bochas nos pés enormes.
- 3- Anécdota de Patri: Unha vez cando se estaba a probar un vestido en secretaría, atendeu á consulta dun pai coa etiqueta colgando do pescozo, completamente seria e eficaz.

* Cando marchou por primeira vez deixounos a todos un cartel en cada un dos departamentos que dicía: “Sempre no meu corazón”.

Parte escrita textualmente por María Xosé

O momento que menos me gusta do ano son as avaliacións: -“vólvenme tola”
A miña compañeira máis achegada é Patri , á que considero moi boa traballadora e mellor persoa.

Marcho con dor despois de oito anos xa que me moita tristura, porque aquí pasei momentos moi bos, moi simpáticos e moi ditosos.

Penso que acabo de pechar unha etapa profesional da miña vida e espérovos en Vigo para o que necesitedes.



Raúl 2º b

PATRICIA

- Cantos anos levas aquí?
- Dous anos recién cumpridos.
Para min toda a comunidade escolar do Illa constituíu a miña segunda familia. Aprendín a querervos, respectarvos e mesmo a coidar de vós. Cumprín funcións moi diversas e sentínme integrada ao pouco de chegar.
Resúltame un exercicio de difícil execución o feito de dicirvos adeus. A miña palabra para despedirme sempre foi “deica”.
- Que estudaches?
- Estudei filoloxía, dei clase de galego e latín ... mesmo a algún profe de aquí.
- Que é o que máis e menos che gusta deste instituto?
- O que máis os compañeiros/as, sen dúbida. O que menos o “muro” que separa a conserxería de secretaría. Tamén aborrezco a denominación de persoal non docente. Dende cando un traballo é nomeado polas tarefas que non desenvolve?
- Lecturas que recomendas?
- Moi variadas dende O libro das apertas de Galeano ata o clásico Os dous de sempre de Castelao.
- Afeccións.
- Adoro os deportes e a música.
Encántame estar a remollo na piscina e vir ao “insti” todo os días coa música posta no coche a toda “mecha” coma unha macarra. Éncheme de enerxía para comezar cada xornada.
Son siareira do Barça e do Celtiña.
- Anécdotas.
- Curioso foi o día que tiven que arranxarlle un zapato a unha alumna e logo escorrentar un can, un paxaro ...
- Que levas do Illa?
- A maleta chea de sentimentos de agradecemento aos meus compañeiros.
Levo comigo o agarimo da miña inesquecible “compi”, María Xosé: os seus berros con todos e a súa inmensa figura profesional e humana. As atencións do corpo de profesorado, a consideración e o cariño de todos vós.



**ATA AQUÍ CHEGUEI! E NO ILLA
SEMPRE**

Khalid 2ºb

CONCURSO DE DOCES E MAGOSTO







A vinganza do arquitecto



Un día, na vila de Redondela, o alcalde decidiu construír un teatro moi luxoso e moderno. Encargoullo a Xoán da Coviña, considerado un dos mellores arquitectos de Galicia. Recibiu unha grande sorpresa cando viu que o encargado do Concello que lle encargara a construción era Marcial, o home que lle robou a súa muller. Entón, para vingarse decidiu construír o teatro todo ao revés.

Cando chegou o día da inauguración, viron que todo estaba ao revés, a porta xiratoria da entrada, en vez de xirar cara adiante, xiraba cara atrás, o ascensor cando lle dabas a baixar subía e cando lle dabas a subir baixaba. Cando chegaron á sala de actos, as butacas pechábanse cando ao se sentar e abríanse cando te levantabas, e por último no momento no que abrían as cortinas, porque ía comezar a obra, viron que o escenario estaba ao revés.


Xoán estaba moi feliz pensando na desputa que ía ter o alcalde con Marcial. Pero non foi así, a este gustoulle tanto a idea e parecelle tan orixinal que o felicitou e aumentoulle o soldo.

Un ferrari por arranxar

Don Raimundo era un home moi coñecido polo seu taller de coches. Decidiu meter a traballar con el ao seu fillo, Faustino, un mozo duns vinte anos, moi lacazán e que sempre estaba nas nubes. Faustino estivo varios días aprendendo dos seus compañeiros, pero non se enterou de nada. Ata que un día trouxeron un Ferrari vermello que el tivo que arranxar. Faustino non tiña nin idea do que tiña que facer e por vergoña non preguntou, así que o fixo pola súa conta.

Primeiro encheu o motor de pintura vermella, logo encheu de aire os asentos, puxo uns neumáticos diferentes diante e detrás. De seguido engranou o coche por fóra e como o vía moi soso decidiu pintar os cristais das fiestras de cores e por riba, cando probou o coche, o fume que saía era vermello.

A simple vista, aquel Ferrari semellaba un deseño de “Agatha Ruiz de la prada”. Pero a sorpresa foi a do pai e a do dono do coche e xa vos podedes imaxinar que pasou. Faustino non volveu poñer un pé no taller!



A louca cirurxiá



A unha cirurxiá de moita sona, destas que volven fermosas ás rapazas, foi Xoana, a moza máis fea da vila para que a retocasen por completo. O día 23 de marzo entrou no quirófano e dixerónlle ao saír “tes unhas vendas, ten coidado que non che caían”.

Ao día seguinte quitáronllas e déronse conta de que se equivocaran por completo, puxéranlle un nariz no lugar do ollo, un ollo na orella, a orella na metade da cara...que desastre!

Agora pasou de ser a moza máis fea da vila a ser o monstro” máis guapo do mundo”. Todo grazas á cirurxiá!

Valentina Martínez 2ºB

AUTÓMATAS

- Sabías que?
- Non, non sei o qué.
- Pois que teño dúbidas de por que berran tanto e tan forte os meus veciños.
- Ah, pero ti tes veciños?
- Claro que si, chaval. Mira que non me estás, non me estás.
- Vaia, pero a saber que veciños terás ti.
- É que son novos, instaláronse no piso contiguo fará un mes. Pero son raros, raros, raros.
- Si, non?
- Pois a verdade é que si. Cóntoche:
 Imaxina que andas estudando (escoitando música por suposto) e de súpeto escoitas uns berros de home: "SIIIII, TOMAA". É istoé só unha pequena parte das súas rarezas. Tamén adoitan, entre outras cousas: poñer a Eric Clapton/ Supertramp/ Elton John/ Bob Dylan/ Dire Straits/ Beach Boys/ David Bowie (dependendo do día da semana) a soar a altas horas da madrugada e na súa casa andan con traxes amarelos de alta protección (eses que usan nas centrais nucleares).
 Así que xa podes imaxinar como os miramos todos nas reunións da comunidade, pobres.
- Abofé que son raros, ti que cres que farán aí dentro?
- Non sei. Pensei que quizais fosen traficantes, inventores no seu tempo libre, axentes do servizo de intelixencia, ladróns de bancos a xornada parcial, especuladores de bolsa camuflados ou simplemente quizais estean todo o día xogando a xogos de rol no computador. Quen sabe...
- En fin, estes adultos...
- Si, o peor é que queren que sexamos coma eles.
- E que son eles?
- Pois, ao meu entender, autómatas que seguen un modelo establecido. Que seguen unhas regras, que están totalmente conducidos e sobre todo que teñen unhas metas e uns obxectivos que nin comparto nin espero compartir.
- Metas e obxectivos?
- Si, rapaz, si. Se pensas un pouco, cales cres que van a ser os teus pasos na vida?
- 1º paso: formarte para traballar.
 2º paso: traballar para gañar diñeiro.
 3º paso: diñeiro para consumir.
- Xa ves, todo está marcado e establecido.
- Tío, estás trastornado.
- Non, todo é unha conspiración do Estado.
- Claro... Paréceme que traballas demasiado.
- Oes, somos amigos, non?
- Evidentemente.
- Pois entón teño que contarche un segredo. Acabo de entrar nun grupo/loxía super secreta. Somos un conxunto de persoas que tratamos de loitar contra estas normas coas que nos obrigan a vivir, tratamos de ser "libres". Quizás queiras unirse.
- Creo que prefiro seguir sendo un non "libre".
- Sabía que dirías iso. Tranquilo, era broma. Simplemente estaba poñéndote a proba para ver se valerías como futuro inimigo do dólar.
- Pois xa ves, alégrome de non decepcionarte.
- Quedas admitido Autómata 534235468.
- SIIIIIIIIIII, TOMAA!
- Non te estarás rindo dos meus veciños, non?
- Non creo que os teñas.
- Acertas de pleno, non teño. Sabes? Convendríache entrar nas xuventudes políticas, tes un bo instinto.
- Nunca xamais. Perdoa, coñecémonos de algo?
- Negativo.
- Pois marcho a casa que non é bo andar con estraños en tempos de eleccións.
- Todo chegará, atoparás a nosa publicidade en calquera lugar. Benvido ao sistema.

- NOOOOOOOOOOOON!
- Mamá, que pesadelo acabo de ter!
- Que pasou, contame.
- Soñei que estabamos en tempo de eleccións municipais.
- Pois claro, que esperabas. Utiliza os teus dezaioito anos para algo serio.
- NOON!

Aarón 4ºb

Homiños na escola

Este ano é o meu primeiro curso neste colexio, pero xa teño algúns amigos.

O que máis me chamou a atención foi que, a partir do mes de setembro cada vez que ía ao cole, ía vendo unhas manchas moi suaves e borrosas enriba de todas as cabezas.

A medida que me fun instalando ía véndoas cada vez máis e máis claras .

Aos dous meses víase como unha figuriña de pequeno tamaño. Todos os tiñan : os profes e os alumnos, pero tamén a directora.

No segundo trimestre xa vía uns homiños de cor verde e moi pequenos.

Non só uns homiños; uns homiños pequenos que se os fotografabas non saían na foto, estaban enriba da cabeza de cada profesor: Pero isto non foi o único, cada un dos homiños tiña diferentes funcións: uns eran profes, outros alumnos.....

Todos os meus amigos tiñan un, todos menos eu. Pero eu era o único que os vía o, único que os escoitaba, eu un neno moi normal, nacido nunha vila de toda a vida e cunha vida moi sinxela .

Eu comenteillo á directora, aos meus pais ... pero non me creron .

Ao saber iso no lle dei máis voltas, pero eu cría en min e por iso seguí pensando..

Ao día seguinte ocorrúseme unha cousa : xa que non lles fixeramos nada malo, por que non usalos a cambio dalgunha recompensa ?

Fun xunto un deles e empecei a falarlle pero non me entendía, con todo conseguín comunicarme con el a través de debuxos.

El aceptou, xa que só os vía eu, podía usalos en calquera situación.


Facíanme os deberes, quitábanme as amoestacións, dábanme chuletas para sociais...

Pero isto empezou a notarse nas miñas notas: baixei en todo.

Ao cabo dun mes volví falar con eles e díxenlles que xa bastaba, non quería facer máis trampas e parei.

Mellorei en todo e quedei feliz.

Como só os vía e o sabía eu non lle dixen nada a ninguén e deixei como un pequeno segredo.



1º B FERNANDO

CARREIRA SOLIDARIA



Que queres ser de maior?

Ola, chámome Anxo, teño 16 anos e curso 4º da E.S.O, Escribo isto para mostrar como vexo este tema de “O día de mañá”

. Que quero ser de maior? Esa é unha pregunta que aos meus 16 anos repito de seguido, e sinceramente non o sei. Algúns adultos dinme que aínda teño tempo de sobra e que non teña presa, mentres que outros din que teño que ir pensando no meu futuro; seica lles parece doado! Pois non o é tanto; aos maiores sempre lles preocupan o diñeiro, o estatus social ou a fama...A quen lle interesa iso? Vale, a bastante xente, pero eu penso que é mellor non ser tan importante, non gañar tanto diñeiro ou calquera cousa polo estilo se así son de utilidade nalgo que me guste.

Onte, a miña tía comezou a dicir “Anxiño ten que ser avogado, que é un traballo ben valorado” ou o meu pai “Non, non, non...Anxo será cirurxán, terá un bo salario e non terá que preocuparse polo diñeiro” ou a miña curmá máis vella “Anxo, por que non te presentas a un casting deses para cantar? Que ti o fas ben, e así quizias te fixeses famoso, sairías nas revistas e todo!...

”Mirade, o de que un traballo estea ben visto non me importa un pemento , e o que pensen ou deixen de pensar os demais; o dos cartos: non é bo dedicarte a algo toda a túa vida só para ter máis e máis diñeiro, con tal de ter un soldo que che permita poder ter unha casa, poder manterte ti e a túa familia ou se cadra logo para cumprir pequenos caprichos, pero non excesivos. Eu creo que é suficiente, o de aparecer en revistas...Iso déixollo a Belén Esteban. Por saír nunha revista as persoas non me van querer máis ou vou ser mellor, simplemente sería un ícono ao que algúns seguirían porque lles gusta como canto, bailo, actúo...etc. E sabedes unha das cousas que máis me amola de todo? Cando lle dis á túa familia o que queres ser. Hai pais que se anoxan polo rumbo que queren tomar os seus fillos, coma se eles fosen os que teñen que gobernar o seu futuro. Moitos fano polo seu ben porque segundo eles iso non ten saída, pensan que non che vai acabar gustando e perderás o tempo... e outros porque xa vén de familia, o teu pai, avó, bisavó, bla, bla, bla...Pois non!

Temos que escoller o que nos guste, e sabedes por que? Porque iso é do que viviremos toda a vida ata que nos xubilemos; e tampouco é o momento de facer todo correcto, nin de coña, é momento de cometer erros, de trabucarse de camiño, e escoller outro, de experimentar e non ter medo a coñecer para así finalmente acabar atopando o que realmente che gusta, que vas estudar e posteriormente en que traballar.

Así que hai que ter en conta os consellos dos demais, si, pero os que tomades as decisións sodes vós; e se hai algo que vos gusta non renunciades, persegúideo e intentade acadalo, e se non o conseguides , non pasa nada, porque veredes que cando se peche esa porta abranse outras moitas.



Eva 4ºB


AMIZADE

Hoxe saíu o sol
Vese un novo amencer
Unha nova esperanza naceu
Nos nosos corazóns
Vemos un sorriso no espello
É o sorriso da felicidade
Porque un desexo foi cumprido,
O desexo da amizade
E preguntarémonos
Que é a amizade?
Diréicho:
É darlle unha aperta cando máis o necesita
Cando o vexas triste sacarlle un sorriso
Facerlle ver que os soños se fan realidade
E querele desde o máis fondo do teu corazón

O final dunha nova amizade
O final que xamais acabará
É a nosa amizade

Pero nós que somos?
Somos máis que amizade
Somos como irmáns de sangue

María Otero 4ºDC





Boívar Cabrera, Lady Adriana



García Migueles, Roberto



González Torres, Valeria



Iglesias Seijo, Judit



Lago Cordeiro, Rosalía



Illesco Rodríguez, Weydi del Carme



López Martínez, Sandra María



Molares Lago, Sheila



Montoya Muñoz, Angie Andrea



Ctero Amoedo, María



Villalón Miguez, Andrea

TITORA: CAROLINA DURÁN

4ºDC “ Mellor/peor”

Roberto: o mellor foi que coñecín a todos os meus amigos actuais.

O peor foi cando suspendín todas en 2º.

Rosalía: o mellor foron estes dous últimos anos cos meus compañeiros.

O peor foi cando repetín 3º.

Sheila: o mellor foron os meus compañeiros.

O peor a época de exames.

Lady: o mellor foi cando ao repetir 1º coñecín a alguén especial.

O peor foi cando repetín 3º.

Angie: o mellor foron os meus compañeiros.

O peor foi suspender moitas materias.

Weydi: o mellor foi coñecer aos meus compañeiros actuais.

O peor son as pendentas que tiña de 2º.

Andrea: o mellor foron todos os compañeiros de cada ano, en especial estes dous últimos, e as clases con Pachi.

O peor foi cando repetín 2º e 3º.

Sandra: o mellor foi coñecer a moitos compañeiros.

O peor foi repetir 4º.

María: o mellor foi pasar tantos momentos felices cos meus compañeiros

O peor foi ver como os meus amigos marchaban.

Valeria: o mellor os compañeiros de clase porque son como unha familia e están aí para todo.

O peor foron as poucas saídas do centro.



TITOR/A: ELVIRA LÓPEZ

4ºA “Mellor/Peor”

Antía.

O mellor foron os recreos que pasei na clase no curso 2009/2010.
O pero foi cando me dixeron que repetía.

Ricardo.

O mellor todos os recreos e excursións cos meus amigos.
O peor foron as clases de mate con Iñigo e as clases de música.

Anxo.

O mellor foron estes catro anos que pasei coa xente que coñecía e coñecendo a outros.
O peor saber que o próximo ano non estarei con todos.

Cynthia.

O mellor foi preparar a coreografía no entroido de terceiro.
O peor foi preparar os exames de Luis, e vai ser a despedida.

Laura.

O mellor foron as clases de inglés con Sonia e cando estiven en 3ºA con todos os meus amigos.
O peor os exames de historia e deixar atrás algúns amigos na despedida.

Leticia.

O mellor foi cada recreo coas miñas amigas.
O peor, aparte dos exames, foi o momento no que a miña compañeira Cristina deixou o colexio.

Blas.

O mellor foron todas as persoas que coñecín nestes anos.
O peor cando meus pais veñen falar co titor.

Imanol.

O mellor as clases en 2ºA con Damián e Mohama.
O peor foi ter que dar clases pola tarde no Mendiño en 2º porque vora o tellado.

Andrea.

O mellor momento non é ningún en concreto senón todos os compañeiros cos que compartín estes anos, iso si un momento que xamais esqueceré será cando voou o tellado.
O peor momento por agora, non foi ningún, tanto como estou segura que serán os últimos días de 4º, xa que me separarei de compañeiros, profesores...

Paula Barreiro.

Para min o mellor foron as amizades que fixen ao longo dos cursos, pois momentos bos houbo moitos, caídas graciosas, cando voou o tellado...
O peor, sen dúbida, deixar o Illa, a todos os compañeiros e profesores, separarme dalgúns amigos de toda a vida...

Paula Montes.

O mellor momento é difícil de escoller pero sen dúbida os mellores foron os momentazos nas clases de 2ºC e 3ºC.
Pero sen dúbida vai ser deixar o colexio e separarme dalgúns compañeiros e a perda do noso compañeiro Luis.

Sergio.

O mellor momento son as clases con Lence.
O peor momento foi a tempada na que me deron mareos.

Ana.

O mellor foron os entroidos no Multiusos.

O peor os nervios nos exames de historia con Luís.

Nuria.

O mellor foron as saídas do instituto para actividades didácticas.

O peor foron os complicados exames de historia, xa que estaba moi nerviosa e o pasaba moi mal.

Rubén.

O mellor foi cando Martín e máis eu nos cargamos sen querer unha exposición de fungos.

O peor todos os exames durante os catro cursos.

Martín.

O mellor foi cando a Rubén e máis a min nos confundiron cos nenos de primaria, cando iamos en 1º e nos querían pasar ao outro colexio.

O peor é elixir o que imos facer agora, o bacharelato e esas cousas.

David.

O mellor cando Jose caeu no campionato de atletismo.

O peor, as clases no recreo de música con Gonzalo.

Pablo.

O mellor as clases de 2ºC, o día dos papeis na rúa, a historia do xoguete, as frases dunha profesora que non vou dicir e coñecer a Lence.

Sara.

O mellor foron todos os bos momentos que pasei cos compañeiros, e tamén cando voou o tellado.

O peor as clase que tivemos no Mendiño e as inxustizas que fan os profesores.

Alejandra.

O mellor o recordo que levo das clases de 2º e 3º.

O peor deixar aos compañeiros.



Figueroa Lusquiños, Silvia



Figueroa Moreira, Eva



García Figueroa, Lidia



García Revuelta, Andrea



González Extremadouro, Sara



González Lago, Beatriz



González Rivera, Ana



Martínez Lorenzo, Nair



Nuevo Castro, Guillermo



Otero Ortega, Carlos



Panebianco Barreiro, Antonella



Pérez Borrajo, Aarón



Pérez Vaqueiro, André



Pimenta Formoso, Miguel Ángel



Pintos Riobn, Iago



Ramírez González, Fátima



Rodríguez Castrelos, Paulo



Rodríguez Gómez, José



Rodríguez González, Guillermo



Rodríguez Muños, Eva



Taborda Herrera, Julieth

TITOR: LUIS PÉREZ

4ºB “ MELLOR / PEOR “

Miguel:

O mellor foi compartir estes catro anos cos meus compañeiros, que os quero moito.

O peor será que acabará.

Sara:

O mellor foi coñecer a moita xente, compartir estes catro anos cos meus compañeiros e a clase de 2ºB.

O peor foi o primeiro día.

Beatriz:

O mellor foi coñecer a toda esta xente, tanto alumnos como profesores e pasar estes anos xunto a eles.

O peor foi perder un ano e repetir.

Nair:

O mellor foron as excursións, as tonterías en clase, as festas do instituto e por suposto coñecer a moitísimos compañeiros e profesores estupendos.

O peor os exames e os madrugóns.

Eva Rodríguez:

O mellor foi coñecer a novos compañeiros en todos os cursos, o trato dos profesores, as excursións... e sen dúbida o mellor do meu paso polo centro será a viaxe a Salou cos compañeiros.

O peor foi cando tivemos que ir ao colexio pola tarde, cando caeu o tellado, os primeiros días de clase, os suspensos, as rifas, pero sen dúbida o peor será despedirme de todos os meus compañeiros o último día de clase, e tampoco me gustará a despedida cos profesores, en definitiva a despedida do centro IES Illa de San Simón.

Julieth:

O mellor foi cando entrei por primeira vez a este instituto.

O peor foi cando me dixeron por primeira vez que tiña que repetir.

Paulo:

O mellor foi o ano que pasei en 2º cos compañeiros.

O peor o día que voou o Tellado e tivemos que ir a clase pola tarde.

Fátima:

O mellor foi toda a xente que coñecín.

O peor foi despedirme dos meus compañeiros e os exames.

Ana:

O mellor foi coñecer a moita xente e compartir con eles a estancia no colexio.

O peor foi despedirme dos profesores, os exames e separarme da xente.

Eva Figueroa:

O mellor foi coñecer a tantas persoas e crear novas amizades.

O peor foi despedirme do profesorado e separarse dos amigos.

Lydia:

O mellor: coñecer xente e facer novas amizades e todas as horas libres sen facer nada que botamos.

O peor: separarse dos amigos e o estrés dos exames.

Silvia:

O mellor: as horas libres no patio cos amigos.

O peor: o meu primeiro día neste instituto.

Antonella:

O mellor: os compañeiros e as horas sen facer nada.

O peor: cando tivemos que ir ao Mendiño polas tardes.

Guillermo Rodríguez:

O mellor: por fin acabar a E.S.O.

O peor: repetir o ano pasado e quedar no colexio outro ano máis.

Iago:

O mellor foi facer as preparacións para o Entroido.

O peor foi cando voou o teito.

Carlos:

O mellor foi o derrubamento do tellado do instituto.

O peor foi a eliminación do salto de altura no atletismo.

Aarón:

O mellor foi cando Xosé caeu nos relevos.

O peor foi seguir tendo que subir todas as escaleiras en vez de estar na planta baixa.

Jose:

O mellor foi o derrubamento do tellado.

O peor ter que ir a clase polas tardes.

André:

O mellor foi o Entroido de 3º.

O peor foi ir a setembro o ano pasado con sociais.

Andrea:

O mellor foron as festas do instituto, coñecer a moitos dos meus compañeiros, algúns profes, os días nos que os profes non viñan a clase, cando fixemos folgas...

O peor foron os primeiros días de clase neste colexio, que agora teña que ir a outro instituto e que non haxa excursións dabondo (só unha ou dúas ao ano e ao Multiusos).

Minuto 116 e outras lérias

Mirando un anuncio dunha aseguradora, entráronme ganas de escribir sobre isto. O anuncio di algo como: no minuto 116, no que nos convertimos campións do mundo. Xa non era suficiente con repetirnos o famoso 11 de xullo, que ata nos din o minuto en que Andrés Iniesta marcou o gol, o famoso gol. Con isto, non quero dicir que non me alegre, nin que non sexa seguidora do fútbol, pero considero que hai moitos deportes e deportistas, que teñen tanto ou máis mérito que a selección española de fútbol. Pois o fútbol é un deporte ao que estamos afeitos, fácil de acceder, con prestacións...pola contra, que hai dos deportes minoritarios? Sen ir máis lonxe, nos xogos de Pekin conseguimos dezaseis podios, e trinta e seis diplomas. Canto se sabe disto? Nada. E máis aínda, nos xogos paralímpicos, conseguimos catorce podios. Que se di pronto.! Tamén hai nomes como José Luis Abajo, terceira posición de esgrima; Gervasio Deferr, segundo posto en ximnasia; selección española de balonmán, terceiro posto; Anabel Madina e Vivi Ruano, segundo posto dobles femininos de tenis; Fernando Echevarri e Antón Paz, campiones de vela; dos que non se sabe nada. E estes, entre moitos outros.

Con todo isto, non credes que os medios de comunicación deportivos están falando sempre do mesmo? Non vos gustaría estar informados de todos os deportes e non só do fútbol?

Pero é así, o mundo está dominado polo diñeiro.



Fernando Echevarría e Antón Paz



Xogadoras paralímpicas españolas

Laura López Otero 3ºB

DÍA DA PAZ

O día da paz son todos os días do ano, pero no calendario escolar está fixada a data do día 30 para celebrar A PAZ.

Cando regalamos un sorriso, tendemos unha man a un amigo ou tratamos de comprender a un compañeiro estamos transmitindo PAZ con maiúsculas.

O Departamento de Orientación xunto coas titorías organizou diversas actividades: role-playing nas aulas sobre como resolver situacións cotiás conflitivas, manifesto pola paz, decálogo da paz, poesías,.... Ás nosas reflexións puxéronlle música os saxofóns dos alumnos do Conservatorio de Música de Redondela e os profesores de linguas estranxeiras con cancións do momento sobre este tema.

O parlamento europeo declarou o 2011 como "Ano Europeo do Voluntariado". Cen millóns de persoas en Europa adican parte do seu tempo libre a tarefas solidarias. Nós tamén podemos axudar ós demais, hai moitas entidades na nosa contorna que necesitan rapazas e rapaces coma nós que boten unha man.

Conectádevos a www.voluntariado2011.com ou www.hacesfalta.org

É TEMPO DE CAMBIAR O MUNDO!!! Por iso dende o IES Illa de San Simón cantamos con JUANES a súa canción "Es tiempo de cambiar".

DECÁLOGO POLA PAZ 4ºA

1. *Ante a violencia, a paz.*
2. Ante o egoísmo, a solidariedade.
3. Ante a maldade, a bondade.
4. Ante a discriminación, a aceptación.
5. Ante o desprezo, o respecto.
6. Ante a escravitude, a liberdade.
7. Ante a pena, a alegría.
8. Ante a mentira, a verdade.
9. Ante a enfermidade, a saúde.
10. Ante o odio, a amizade.

PAZ

A palabra paz deriva do **latín** *pax*. É xeralmente **definida**, en sentido positivo, como un estado de tranquilidade ou quietude, e en sentido negativo como ausencia de inquietude, **violencia** ou **guerra**. Esta, seguramente, é a definición na que todo o mundo pensa cando oe a palabra “Paz”, mais dende o meu punto de vista non só se trata de que non haxa guerras nin violencia, existen outras moitas causas:

***A Fame:** Máis de 925 millóns de persoas morren de fame ou malnutrición cada ano no mundo, e si, é un tema do que todo o mundo fala e sente mágoa, a miúdo dise : “se puidese axudaría”. ¡Sempre se pode!, pero temos por costume darlle máis valor ás palabras cós feitos.

***Explotación infantil:** Actualmente existen 171 millóns de nenos traballadores en todo o mundo dende os 7 ata aos 17 anos, ¿Faise algo por solucionalo? As nosas queridas empresas, si, esas das cales admiramos roupa, zapatos, complementos... Pois cada vez que compremos, deberíamos pensar na posibilidade de que esa empresa poida obrigar a nenos e/ou adolescentes a traballar en condicións pésimas. Quizais, e só digo quizais, non comprar o produto conlevaría erradicar este tipo de comercio.

***Corrupción:** Sempre houbo alguén por riba da sociedade, pero non sempre foi alguén que se interesase plenamente por nós, sen promesas baleiras, sen palabras que nos ilusionasen parecendo verdadeiras e ao final sendo soamente convenientes, sen máscaras, sen falsidade...e se os houbo, foron minoría. ¿Que facemos para solucionalo? ¿Intentamos conseguir algunha solución? Nada. Simplemente deixamos que nos manipulen e logo criticamos cando temos oportunidade.

***Maltrato animal:** Moito se fala de guerras, de nenos, de adultos, de persoas en xeral, non digo que non debamos facelo, pero ¿Que hai dos animais? Un animal, sexa doméstico ou sexa salvaxe, non é motivo de diversión, e cando digo diversión digo darlle paus coma se fose unha piñata, ou cravarlle bandeiriñas nas costas, guindalos á rúa,...e todo por que? Por diversión!

Co que acabo de escribir non estou intentando dicir isto somente cara vós, senón cara min tamén, xa que eu fago o que calquera adolescente de 15 ou 16 anos coma vós, e sei que o anteriormente dito non está dentro das nosas accións cotiás, pero si podo dicirvos, que aínda que agora non poidamos facer moito si podemos axudar no futuro, porque a paz non é fácil de conseguir, para nada, e menos cun significado pleno; e porque todo se relaciona: non habería amor sen guerra, felicidade sen tristeza, o aprender sen erros, bágoas sen sorrisos, ruído sen silencio, negro sen branco...pero se todos cooperamos podemos achegarnos pouco a pouco a ela, ter un mundo mellor...É malia que non a poidamos conseguir de todo, só con axudarnos uns a outros por un mesmo obxectivo, penso, que iso xa significarían momentos de paz.

Eva Figueroa Moreira, 4ºB.





O DÍA DO MEU ANIVERSARIO

-Felicidades, neniña!

Isto foi o primeiro que escoitei o día do meu aniversario. Estaba na cama, no meu cuarto, e ao meu carón, miña nai e meu irmán miraban para min, sorrindo. Trouxéranme un agasallo e unha torta enorme, de chocolate, como a min me gusta. Enriba dela, había dez cadeas acesas.

-Veña, pide un desexo irmanciña! E acaba dunha vez, que mamá fixo chocolate para almorzar!

A toda presa, erguinme e abrí o meu agasallo, pero non atopei o que eu quería. Que amargura... Mirei a miña nai con expresión acusadora. Ela, con cara de preocupación, díxome:

-Xa sei que ti querías uns patíns, e estas alpargatas nin se lle parecen, pero é que eran moi caros, miña nena. En canto poida, xa chos compro. Prométocho. Veña, dáme un biquiño.

Eu enfurruñeime moito e aparteime do seu carón con furia... Para unha vez que quería algo especial, ¡e non mo daban! Levaba pedindo os patíns máis de seis meses... ou máis de oito, xa non me lembraba. Aqueles patíns no escaparate da tenda de deportes de D. Xaquín, eran de cor vermella coas rodas e os amallós negros... unha marabilla... E vai miña nai e mércame unhas alpargatas! Que eran moi caros... e qué. ¿Para que quere miña nai os cartos. A semana pasada meu irmán pediu unha pelota e mercoulla... e a min ¿que? Enfadeime moito con ela. Deiteime e tapeime coas sabas ata a cachola. Sei que isto fixo que miña nai se puxese triste, pero dábame igual, estáballe ben!. O meu irmán botouse a rir. Entón miña nai dixo que xa chegaba de parvadas: “Imos celebrar o teu aniversario: o máis importante non é o que che agasallen, senón a intención que se pon no agasallo. E a miña intención é que sexas feliz no día de hoxe” Pediulle ó meu irmán que baixase á cociña a por mistos, para acender as candeas da torta. Pensei: “que bobada... para que acender as candeas se non teño un desexo para pedir. O único que me importa son os patíns...” Entón o neno berrou: “Má! Non as atopo” Ela baixou tras del... e foi cando comezou todo.

As paredes, o teito, o chan... todo tremía. Non sabía que pasaba, os libros que estaban enriba do escritorio, caeron ó chan. As portas do gardarroupa abríronse, a lámpada do teito movíase...

Miña nai comezou a berrar:

- Uxía, Uxía óesme? Baixa, baixa. Ven. Antón non te movas de aquí. Uxíaaaa....

Pero eu tiña moito medo e metinme debaixo da cama. Era unha cama de ferro, herdouna miña nai do seu avó, e agora era onde eu durmía. Os pés e a cabeceira eran de ferro. Miña nai necesitaba axuda para movela cando quería limpar debaixo dela, porque pesaba moitísimo. Gustábame meterme debaixo, coas miñas monecas e xogar alí. Decía que aquela era a miña cova secreta. Pero naquel momento, só pensaba en que aquela cama era a miña única protección. Aos poucos segundos, o teito comezou a caer a cachos. Oíanse moitos berros por todas partes, as alarmas dos coches, a alarma de seguridade da casa do lado... Entón o chan cedeu. Notei que caía, notei que a cama se deslizaba e agarreime forte a unha pata. O ruído foi enxordecedor, e un po branco facía o aire irrespirable. Dei un golpe moi forte nun cóbado, e tamén sentín unha presión na barriga. E de repente, silencio... Abrín os ollos: ó meu redor, os cascotes e os cachos de teito e de paredes non me permitían mirar máis aló das patas da cama. Entón empecei a escoitar berros, choros, nomes... a xente chamaba ós seus familiares. Non podía moverme. A miña cama convertérase na cova protectora dos meus xogos. Arrimeime a un lado e comecei a tirar dos cascotes, cachos de formigón e de ladrillos máis pequenos. Pesaban moito e doíanme as mans. Pero tiña que conseguilo, tiña que saír de alí. Chamei pola miña nai e por Antón, pero non obtiven resposta. Así que me concentrei en facer un buraco entre os restos e saír. “Se consigo mover esta gran pedra xusto no medio... un pouco máis... puxarei cos pes... xa se move, xa se move...” Por fin! Non era un buraco moi grande, pero eu son bastante pequena para a miña idade e arrastreime ata o exterior. Quedeí abraiada... Todo estaba desfeito. A miña casa estaba completamente derrubada. A casa da miña amiga Lía, o taller de coches, a tenda de D. Xaquín... non quedaba nada. Os meus veciños estaban alí, movendo cascotes, berrando nomes, chorando... chamei a miña nai e a meu irmán, pero non contestaban. Comecei a chorar e a berrar máis forte para ver se daquela me facían caso, pero nada. Dei a volta e vin que a cama de ferro do meu bisavó estaba baixo as paredes e o teito do meu cuarto. Salvárame dunha boa. Andei un cacho e atopei unha man debaixo dos cascallos. Recoñecín a cor de unllas ao momento: pintáralas eu mesma a semana anterior, unha tarde que chovera moito e non tiña que facer. Saquei os cascallos de riba da miña nai, mentres que a chamaba e as lágrimas esvaraban de seguido pola miña face. Ela non contestaba. Cando por fin o corpo da miña nai quedou ao descuberto, vin que tiña un corte na cabeza, e parecía que un brazo roto, porque estaba nunha posición un tanto estraña. Sacudinna, abraceina, non me falaba, non me dicía nada. Tiña os ollos pechados. Ao seu carón, a man de Antón sobresaía entre os restos da nosa casa. Toqueina e tirei dela. Caeu a caixa de mistos.

Berreille, díxenlle que mamá non espertaba, que non me facía caso, que se erguese que íamos xogar coa pelota, a que lle mercara mamá había uns días... pero nada, ningún dos dous me facía caso. Sentíame soa, asustada, desesperada. Sentei coa cabeza entre as pernas. Alí estaba unha candea das da miña torta... sabía que o que pasara non tiña arranxo, que non podía facer nada, pero tiña claro que desexo quería pedir... collín a candea coas mans doridas, sucias e ensanguentadas, pechei os ollos e soprei ben forte...

Ana Ferreira 4ºA

A Tumba do Samurai (by: the Default)

A mansión Mishima, no norte de Alemaña, é un pazo de pedra e mármore construído a carón do lago Müritz, cunha estrutura que se asemella aos templos helénicos coas súas fermosas columnas e o seu ornamentado frontón. A planta da mansión ten forma rectangular, dividida en dúas ás e unha parte central. Conta cunha planta baixa e dous pisos máis, con amplos ventanais e grandes balconadas.

O que máis chama a atención da estrutura é un torreón, que nace do tellado da á dereita, feito de pedra de sillería, mediante o cal se chega a unha ponte con forma de corredor cuberta de tellado e fiestras, que leva a outra torre, a cal está, a excepción da ponte, completamente illada, ubicada nun pequeno illote do lago.

Esta mansión pertence a un empresario multimillonario xaponés, o señor Mishima, dono das principais empresas de electrónica e informática do mundo, aínda que tamén involucrado no tráfico de armas, o que o relacionaba con múltiples mafias asiáticas e europeas. Mishima xa era vello, tiña unha considerable idade. Xa non podía seguir dirixindo o seu rendable e perigoso negocio millonario. El non podía deixarlle o seu patrimonio aos fillos, pouco acostumados ao "negocio" no cal non poderían sobrevivir. "A competencia é demasiado forte"-soía dicirse a si mesmo Mishima.

Para el non tiña sentido manter máis o negocio: tivera unha boa vida todos eses anos, e non quería manter durante máis tempo á súa familia, desexosa de ampararse nel e chuparlle os cartos. O único polo que lle quedaría pena se morrese era a súa sobriña, apenas unha muller, e que agora estaba estudando en Italia. A decisión estaba xa tomada. Deixaba o negocio. Pero nestas profesións, isto equivalía a ser liquidado, e el non quería esta fin. Encargaríase diso pola súa conta, como fixera todo durante a súa vida: sen axuda. Planificaría a súa morte, así o fin dos seus bens quedaría afastado da competencia dos rivais, e o máis importante: as mafias non poderían macular nunca a súa honra.

Para apartar do camiño a alguén coma o señor Mishima, aínda que fose voluntario en facelo, non era sinxelo. O nome que o señor necesitaba escoitar era Julia Chang, de ascendencia chinesa e inglesa, considerada a mellor ladroa e asasina de Asia e Oriente, toda unha experta da arte do crime a pesar da súa curta idade. Ela sería, por encargo de Mishima, o verdugo. O seguinte paso era o lugar, que sería... sería a mansión, concretamente, na torre do

illote, o lugar preferido por Mishima para as xuntanzas e os negocios. Respecto ao cando: tan só tiña que escribirlle unha carta á súa sobriña, unha carta de despedida, e todo quedaría listo.

O mordomo avanzou pola ponte cunha bandexa de prata cunha teteira, pero non obtivo resposta do outro lado da porta de cerdeira na que acababa o corredor. O protocolo era claro: a chave desa sa só a tiña o señor da casa e, se pasadas tres horas non daba resposta, o mordomo tiña que derrubar a porta. Así o fixo diante dos tres fillos de Mishima, xa que estaba pechada por dentro. Abriuuna coa axuda dunha panca. Cando a porta saíu dos seus goznes, o que viron era moi extraño: o señor Mishima estaba sentado no seu escritorio de ébano, coas luces acesas, unha imaxe de aparente normalidade, cuns poucos billetes enriba da mesa, e unha caixiña de madeira para gardar os cartos; coma se estivese contando diñeiro. Cando o seu fillo máis vello se achegou a el, puido comprobar, con sorpresa, que o seu pai, xefe do clan, líder de multinacionais e un dos homes máis ricos do mundo, estaba morto.

Había dúas horas que Julia Chang estivera alí, seguindo paso a paso o plan. Mishima non podía saber como ía morrer, nin cando, era parte do seu propio xogo. O crime non podería ser nada habitual: debía ser un crime perfecto.


A única maneira de acceder ao salón da torre era mediante o corredor, se alguén pasaba por alí, visto facilmente. Polo tanto, Chang tivo que chegar alí nunha barca remando, xa que o ruído do motor alertaría a todos. Unha vez alí, treparía á torre, e cunhas ganzúas abriría a fiestra. Dentro, mentres falaba con Mishima, rociou discretamente o feixe de billetes con veneno mentres este servía unhas copas de coñac. Despois pechou a porta por dentro, e gardou a chave de novo no peto do señor Mishima. Bebeu e conversou un tempo, despedíuse del como vellos amigos e marchou pola fiestra tal como chegara, remando de novo coa barca ata a beira do lago. Unha vez en terra guindou ao lago o vaso que usara para beber.

Logo disto, Julia Chang saíu do país para adicarse a outros asuntos, sen ser nunca relacionada co crime. Mishima, que tiña por costume mollar os dedos en saliva a medida que ía pasando os billetes mentres contaba diñeiro, morreu envelenado desa maneira cun veneno que provocaba unha parada cardiorespiratoria, simulando un infarto antinatural. Ao caer recostado contra a súa cadeira de oficina, uns delgados fíos, actuando coa forza da inercia do corpo, que foran atados por Chang á chave, tiraron doutros que estaban atados ao fecho da fiestra, pero que se recollerían cando a chave volveuse ao seu sitio, pechando a fiestra dende dentro e dando a impresión de que ninguén entrara alí ao estar todo pechado por dentro e non atoparse pegadas.

Así o señor Mishima abandonaba o mundo, deixando gran parte da súa herdanza á súa sobriña e salvando o seu honor de ser pisoteado polas outras mafias.

Adrián Moreira 3ºB

A ILLA DE ONS



ILLA DE ONS

- A Illa de Ons forma parte dun pequeno arquipélago formado por illas e illotes que se atopa na entrada da ría de Pontevedra. A illa de Ons, cos seus 6 km de lonxitude, é a illa máis extensa do Atlántico peninsular. A zona occidental é a máis escarpada, con abruptos cantís, en cambio a oriental é máis suave e conta con numerosas praias.



POBOACIÓN

- No ano 2005 habitaban na illa permanentemente 61 persoas, observándose un enorme baixón poboacional con respecto a mediados do século XX. cando chegou a estar habitada por 530 persoas (ano 1953). Aínda así, os datos actuais supoñen tamén unha certa recuperación se os comparamos cos de finais da década de 1980 (en 1986 a illa contaba tan só con 16 habitantes).
- As causas desta sangría demográfica hai que buscalas no propio illamento do enclave e nas consecuentes dificultades de comunicación co continente, a falta de servizos médicos e sanitarios, a dificultade de conseguir permisos para a construción de novas casas .



XEOGRAFÍA

- *illa de Ons* forma parte dun arquipélago popularmente coñecido como *As Ons*, pertencente ó concello de Bueu. O arquipélago está composto ademais pola illa de Onza, situada ao sur, e por varios illotes espaxados por todo o seu perímetro, entre os que se pode mencionar:



FAUNA

- Entre a fauna destaca a colonia de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) que cría nos cantís máis inaccesíbeis, e cuxa poboación na illa representa xunto á das Illas Cíes o 25% da poboación mundial. Nos cantís e illotes da zona norte tamén habita a gaivota patiamarela (*Larus cachinnans*) e a gaivota escura (*Larus fuscus*). O arao dos cons (*Uria aalge*) desapareceu da illa nos anos 60.



FLORA

- Aínda que no pasado probablemente Ons contaba con masas arbóreas de bidueiros e de cerquiños (*Quercus pyrenaica*) na actualidade non queda case presenza delas, tan só algún bidueiro preto das fontes, debido ós incendios continuos consecuencia da histórica rebeldía dos illanos. A vexetación arbórea actual constitúena algúns piñeirais, un eucaliptal preto da praia de Melide, algunhas árbores froiteiras e algunha acacia. A maior parte da illa está cuberta por mato.



HISTORIA

- A Illa xa estaba habitada na Idade de Bronce, como puxeron de manifesto os numerosos achádegos de materiais desta época atopados por toda a superficie isleña. Existen dous castros, o de Castelo dos Mouros e o da Cova da Loba; un sepulcro antropomorfo e restos do que puido ser o Mosteiro, o hábitat monacal da Illa.
- A primeira referencia histórica data do ano 899, na que foi doada ao Cabildo Compostelán polos reis Afonso III o Magno, Ordoño II.



FERNANDO ALFAYA 1º

POLBO AO ONS

- Esta forma de cocinar é moi coñecida entre os poucos isleños a receta e parecida a do polbo feira pero esta
Esta...é especial



O CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é un conxunto de vías que os peregrinos utilizan para chegar ata Santiago de Compostela, lugar onde se atopan os restos do Apóstolo Santiago o Menor, datados na época de Afonso II.

Unha destas vías é a portuguesa, que se converteu nunha das máis importantes despois do século XII debido ao intercambio de mercadorías entre España e Portugal.

O Camiño Portugués divídese en tres vías cara Santiago, pero vólvense encontrar en Redondela, a nosa vila.

Nesta vila podemos ver a necrópole do Chan das Formigas, as mámoas do Coturro, os lagos de Vilar, o Castro da Peneda e, por suposto, os famosos viadutos redondeláns.



Mámoas de Coturro



Chan das Formigas




A Peneda



Os dous viadutos de Redondela

O albergue de peregrinos de Redondela, coñecido como “A Casa da Torre” ten capacidade para albergar a 56 persoas ao mesmo tempo. Ten varias salas nas que hai exposicións ao longo de todo o ano.





“Chegamos á vila grande de Redondela.
Non puidemos encontrar unha pousada
malia ser unha localidade importante. Un
peregrino que fora a Roma ve-la tumba
dos Apóstolos e que chegara había pouco,
como pasara por Francia, ofrecéuno-la súa
casa en lebranza das boas pousadas do
noso país”

*Frei Claude de Bronseval
Redondela, 26 de xuño de 1532*

Entrevista a un peregrino

Como te chamas?- João.

De onde es?- Coimbra, Portugal.

Por que fas o camiño?- Porque mo recomendaron uns amigos e gustoume a idea de facelo eu tamén.

Como foi a túa experiencia ata agora?- Os días de calor foron moi difíciles e torrábame, polo demais, a xente é moi amable . Aínda que as camas dos albergues son moi duras.

Fixéralo antes?- Non, esta é a primeira vez, pero penso en repetilo.

Probaches a comida española/galega?- Si, encántame o polbo á feira.

Que che parece Redondela?- É unha vila pequena e acolledora.

Visitaches xa algún sitio de Redondela?- Fun ver o río Alvedosa, non está moi coidado...

Canto tempo levas facendo o camiño?- Catro días.



HISTORIA AO ESPETO

Hoxe só queren os cartos; acumulan riqueza e alardean de luxos que son simples manifestacións de soberbia, tamén lle chaman avaricia.

Pero, se non espertamos, mañá acumularán o pan e a auga, as terras e a nosa propia supervivencia, a nosa vida vendida.

¿Quen lle deu tales privilexios?

O mundo converteuse nun Sanedrín piramidal conducido por firmes correaxes feitas de dogmas incuestionables pero falaces. Axiomas que, por mor de reiterados, fan verdades da inxustiza, da mentira, da manipulación, da rapina, do desprezo.

Danos colaterais son os ríos emporcallados, o aire envelenado, os mares apodrecendo, as terras queimadas con produtos químicos. ¿Quen paga a limpeza? Os cidadáns, porque einón reduciríase a produtividade, os beneficios dos prebostes que nos venden o traballo coma un favor, un privilexio.

Miles e miles de millóns procedentes do tráfico de drogas, de armas, de persoas; circulan impunemente reclamando multiplicarse a costa do sufrimento, da fame, da miseria de millóns de persoas nun alarde de poder que ninguén lles deu.

Disque somos demócratas, que o poder procede do pobo. Menten, do pobo só saen mercachifles axeonllados, febles, lambecús vestidos de traxes e gravata, de todo gratis, que esquecen a quen deberían servir.

Nunha illa de mil persoas fabrican mil reloxo, pero nunca os poderán comprar todos. Noutra illa, mil persoas, fabrican mil bolos de pan, pero nunca os poderan comprar todos. Noutra illa máis, mil persoas fabrican mil pantalóns, pero nunca os poderán comprar todos.

Acordaron xuntarse tódalas illas pero tampouco podían comprar todo. Non podían porque o que gañaban esas persoas era menos do valor do producido.

Buscaron máis illas, e despois máis, e máis, ata que se acabaron as illas. Así que tiveron que buscar unha solución, a única solución. Algunhas desas miles de persoas non terían reloxo, pan ou pantalón, para que os donos das fábricas vivisen sen facer reloxo, pan ou pantalón. Para que vivisen amosándonos o bos que son deixándonos facer reloxo, pan ou pantaóns.

Chamáronlle plusvalía, pero non está de moda porque é mellor que non se saiba mentras queden illas. Queda África, parte de América e un bo anaco de Asia. Aínda queda mercado pero ...

Nun mundo con riqueza suficiente para vivir TODOS con dignidade, con comida, coñecementos dabondo; propóñennos que hai que traballar máis, cobrar menos, deixar morrer a centos de miles e malvivir a outros millóns para que algúns poidan deslumbrarnos coa súa soberbia, coa súa avaricia.

Un traballador gaña 1000€ por mes, outro 2000, un cargo 3000 e un xefe 5000 (pobriño). Acordaron un aumento de salarios do 5% e os novos soldos serán de 1500, 2100, 3150 e 5250 €. Se o pan, as patatas, o leite, etc; valen igual para todos, as cantidades que agora poden comprar son “máis” diferentes.

A desigualdade aumentou, ¿Non vai ter límite?

Primeiro esquecemos que a riqueza procede do traballo e agora xa non sabemos que a súa riqueza procede do noso consumo. Telefónica bate record de beneficios e anuncia reparto de beneficios para os posuidores dos cartos mentres propón despedir aos que xeran eses beneficios.

Os políticos din que é inoportuno, eu propoño que os consumidores digamos: ¡Atrevédevos!.

¡ Consumidores do mundo unídevos! Xa que os políticos baixan os pantalóns e poñen o traseiro a disposición dos mercaderes demostramos quen manda aquí.

Fukuyima: Teño unha preocupación; desaloxaron, botaron das súas casa a todo ser humano en 30 Km arredor, pero... ¿E ao resto dos seres vivos?. Onde está os cans, os paxaros, as vacas, as bolboretas, as formigas, as ratas, as toupeiras, os vermes,

A onde levaron os vexetais, as algas e os peixes?

¿Canto vale ese ataque aos bens comúns?, ¿ Quen vai pagar? ¿ Cales son as consecuencias?.

A enerxía nuclear é barata (se non se paga), durante moito tempo, pero o tempo é demasiado para ser previsible. Os bidóns que hai no fondo do Atlántico, de formigón, canto aguantarán, o sarcófago de Chernobil, tamén de formigón vai durar 50, 100, 300 anos ¿Canto vai durar a radioactividade?.

Moderna proposta ideolóxica: ¡E TI MÁIS!

Non importa o que se propón, non importa para que, non importa como. O único que importa é construír bandas, rabaños, de crédulos.

¿Como evitar a corrupción? Non importa, só temos que saber que os outros son peores

¡E TI MÁIS!

Educación: As estatísticas falan de fracaso escolar. Desgraciadamente non fala de éxito escolar e do que se entende por tal.

Agora poñen aos nenos e nenas de 6 a 10 anos aprendendo mentres manipulan unha pantalla dixital. Chámanlle avance. Perdón pola miña ignorancia pero dubido que aprendan mellor que manexando obxectos concretos, reais.

Podemos chegar ao índice máximo de ignorancia e estupidez en dous idiomas e ademais con manexo experto dos teclados dun aparello que nos di o que debemos facer.

¡Viva o modernismo! Xa non fai falla pensar.

Poñamos que controlo o mercado de laranxas.

Producindo 100 Kg para unha demanda, necesidade, de 100 Kg, o prezo debe ser razoable.

Para gañar porei 1€/Kg, obterei 100€.

Se elimino 20 Kg de laranxas perdería beneficios, a non ser que incremente o prezo. Como a necesidade é a mesma, a demanda aumenta, polo que aumentando o prezo 0,30€ obtería ($1,30 \times 80 = 104$ €). ¡Vaia!, gañaría máis tirando parte da produción.

Conclusión: que coman menos laranxas (Paradoxa da perla negra)

O fascismo consiste en impoñer as ideas pola forza. ¿Canto tempo van tardar?.

Se algo nos ensina a historia é que os conflitos xorden da desigualdade.

Nos anos de “prosperidade” mundial, a desigualdade aumentou. Agora segue a multiplicarse.

A solución sempre foi aumentar as medidas de seguridade ¿Seguridade de quen?

Vostedes viron algunha vez a un pai de familia enfrontarse á policía cando pode garantir un futuro para os seus.? Eu non.

Os mortos da represión só xeran mártires, e a vitoria dos fascismos un medo larvado que fecundará como semente en forma de represalia e vinganza.

“Algúns” musulmáns introduciron a loita por medio de suicidios. Agora enfróntanse a moitos aos que non lles importa morrer.


Veremos cantos están dispostos a matar, e sobre todo, veremos en que países están dispostos a matar moitos.

México, miles de millóns entre petróleo, turismo e drogas. É un dos paraísos dos corruptos, dos asasinados, dos fascistas (os que impoñen as súas ideas pola forza). ¿Por que?.

Curioso que sexa un exemplo de desigualdade e miseria fronte a un escaparate de prepotente soberbia, avaricia e estupidez.

Asdo. Facundo do Mundo

¡Consumidores do mundo: UNÍDEVOS!



ENTROIDO









Que ocorre ao medrar na nosa cabeza?

Cando eu era pequeno tiña unha dúbida, non era unha dúbida de vital importancia, pero servía para crebarme a cabeza un pouco, nas prolongadas tardes de chuvia. A miña cuestión era a seguinte:

De pequenos somos alegres, divertidos... Pero nada máis medrar algo pasa, algo se rompe, e é que só hai que ver aos adultos: aburridos, sempre cansos, sen gana de nada, malhumorados... Definitivamente, algo tiña que pasar na cabeza da xente cando medraba.

E á busca dunha resposta a esa cuestión vital decidín adicar a miña vida. Fixen a carreira de ciencias e licencieime aos oito intentos, e ollo, que podería ter repetido algún ano máis, pero o meu profesor dixo que se me tiña que ver de novo tras as vacacións metíase un tiro, todo polo ben da ensinanza e a ciencia.

Para iniciar as miñas investigación intentei que o banco me dese un préstamo... Planteime alí cun bo xamón, e deu efecto... vaia se o deu! Cando lle dixen: << Concédame o préstamo ou doulle co xamón na cachola >> aceptou de contado. O préstamo final foi de 50€ ao 25% de intereses (é que eu negociando, son un as). En realidade non era moito, pero polo menos serviu para pagarlle o bocata ao Pepe uns cantos días. Aínda non vos falei del? O Pepe é un amigo meu, vive dúas peras máis abaixo ca min. Perdón... vive dúas mazás máis abaixo ca min. Súa nai fai uns pasteis deliciosos, e sobre seu pai... non podo dicirvos moito, porque é da policía secreta, ademais é un infiltrado do FBI nos asuntos do estado Español con especial interés na Xunta de Galicia. No seu faiado gravouse a chegada á lúa, con marionetas de trapo. Pero eu non digo nada, non quero irme da lingua que despois métome en fregados que non me conveñen...

En fin, que o Pepe era o único no que podía confiar para tan secreto e importante experimento. Fun ao depósito de cadáveres e pedín un morto para poder estudarlle o cerebro. Polo que parece non fun moi sensible dicindo: << Préstame un morto para fedellarlle no cerebro, sen que a súa familia se entere, polo ben da ciencia? >> e o encargado non aceptou. Ante tal resposta decidín optar de novo polo método do xamón, pero esta vez usei unha nécora... non creo que vos gustase saber qué lle fixen con ela. A cuestión é que o home acabou prestándome un cerebro que tiña nun bote, non quedaba máis que atopar o cerebro dun neno e comparalo co do adulto.

Solicitéillo ao Pepe, pero non estivo de acordo. Dixo que el xa era adulto, e que ademais non era moi agradable que lle collesen o cerebro para examinalo. Respecto ao de adulto, eu creo que por fóra si, pero por dentro... Mais non quixen discutir e busquei outro amable doante á ciencia. Preguntei en máis de 70 casas do barrio (ou por aí, porque o 70 vai despois de 19, ¿non?) e ninguén quería doar o cerebro dos seus fillos ou fillas. Incluso lles preguntaba << Inda que llelo pense devolver? >>, e eles acostumaban contestar << Vostede está tolo >>. E ao final, apuntando un novo punto negativo na miña investigación, non tiven máis remedio que coller o cerebro dunha cría de gata.

Observando os dous cerebros caín na conta de que non se parecían en nada, nin na forma, nin no tamaño... Presentei os meus resultados ante os máis prestixiosos científicos do mundo mediante unha carta, que dicía así:

Estimados señores/as:

Tras os estudos realicados nun ~~cerebro~~ cerebro dun adulto e no dunha cría de ~~jato~~ gato, chego á conclusion de que non se parecen en náda. Polo tanto, deduzo que cando medramos o cerebro mútanos, como as "tartarugas ninja" ou os "X-Men".

*Graza estimados/as señores/as
Do comité científico de Polonia.*

~~Do señor/a~~ Do señor Risto Na Pedra Pico.

Pero nunca recibín resposta sobre o seu veredito. Creo que foi polos tachóns, ou quizais por algunha pequena falta de ortografía. Pero como non contestaban pensei en coller e recorrer unha vez máis ao famoso método do xamón, pero había un problema. O Pepe dixo que Polonia estaba máis lonxe de Redondela (a miña querida vila natal) que Baiona, polo que non poderíamos chegar alí. Pero eu era científico, e por iso, fixen un aparello voador, o *Bolboretas Flai*. Chamámoslle así porque estaban de moda os nomes en inglés.

A estrutura baseábase en dúas pranchas de ferro, cubertas de plumas e unidas por unha bisagra, un cable unía ambas pranchas a unha panca, que permitía subilas e baixalas como dúas grandes ás. A panca estaba colocada nunha trabe metálica que tiña dous “sillíns” de bicicleta a modo de asento.

Ao día seguinte de rematalo, fomos probalo ao outeiro que había diante da miña casa. Collemos velocidade e saltamos ao baleiro... Mala idea! Aínda sinto a dor ao pegar de fuciños contra o chan. Claro, dúas persoas era moito peso. Por iso decidimos que o que antes se recuperara iría a Polonia no meu invento. Por mala sorte o Pepe tivo un estraño accidente cun caldeiro, e tardou máis en recuperarse ca min (mal raio me parta, non contaba eu con montarme nesa máquina suicida outra vez). E digo estraño porque cando lle dixen que iría eu a Polonia, o Pepe deixou escapar un leve sorriso. Incluso creo que o meu invento nunca lle acabou de facer moita grazza. Pasou o tempo e chegou o día previsto para a miña marcha, un martes 13, e fun a Vigo, ao edificio máis alto que atopei, e de alí saín voando rumbo a Polonia. Pero as miñas coordenadas non deberon ser moi exactas.

Cando levaba uns meses sen ver nada máis que auga oín un ruído xordo, e de repente vinme atrapado entre cazas bombardeiros. Aterrei para descubrir o que pasaba. Ante min alzábase unha cancela metálica de varios metros de altura. Nela un cartel rezaba: <<Military Area 51. Be carefull, access denied.>> Para os pouco entendidos en inglés aclararei o significado do cartel: <<Área militar 51. Ven cando queiras, acceso dereito>>. Área Militar 51? Como chegara eu ata os Estados Unidos? Pero iso non importaba. Toleo cos misterios e lera que alí dentro había un extraterrestre, todo segundo a teoría da conspiración, e con algúns datos do pai de Pepe. Co meu sofisticado aparello entrei dentro.

Atopei unha sala chea de científicos. No centro había unha padiola e nela repousaba un estraño ser de cor avermellada. Era un marciano? Non puiden resolver a miña dúbida porque uns homes vestidos de negro agarráronme polos ombreiros. Dixeron que me borrarían a memoria e podería marchar. Xa sei o que estades pensando... Que non ma borraron? Claro que ma borraron, pero os estadounidenses son tanto ou máis chapuzas que os españois, e borraron o que non debían. Preguntade, preguntade... Como se chaman meus pais? Nin idea... Cantos anos teño exactamente? Pois o Pepe di que máis de dous e menos de oitenta.

Saín de alí e pensei que como a terra era redonda convíñame seguir na mesma dirección. Pronto cheguei a un valado moi longo e alto. Como era moi alto e eu teño vertixe ao voar a máis de un metro do chan, decidín bordealo. Cinco meses rodeando o condenado valado! Cando por fin cheguei ao final saíu un home cos ollos pechados e levoume ante outro máis recheíño, tamén cos ollos pechados. Aquel home dixo que os estranxeiros non eran benvidos na China. Na China? Entón caín na conta... De alí viñan as laranxas da China. Pronto fixen migas co home regordete, e díxenlle que me encantaban as súas laranxas. Marchei de alí para Polonia con cinco quilos de laranxas, e aínda sen ver que algún daqueles homes abrise os ollos.

Cun tempinho máis de viaxe cheguei a Polonia e busquei a zona onde se celebraba a xuntanza científica. Alá fun. Pero... alí non había ninguén! A señora da limpeza díxome que acabara había un ano, e que agora mesmo se estaban reunindo en Vigo... En Vigo!

Volvín para casa, alí esperaba o Pepe. Sentado no banco no que quedara cando marchei, un pouco máis fraco e cuberto de teas de araña. << Pepe? Que fas aquí? >> << Dixeches: “Agarda aquí ata que volva.” >> << Xa home, pero con aquí referíame a Vigo... >>

Ao final a miña aventura non deu ningún resultado, cansei de experimentar e decidín facer algo útil, e o mesmo que moitos dos meus amigos, fun ao paro. De todos os xeitos eu estou convencido de que algo cambia, algo pasa, na cabeza dos nenos cando se fan adultos.

David Campos 3ºB

TEMPO FURADO

Cando esqueza que esquecín,
serei presente sen pasado,
mirada nova e sorprendida
fronte a caras de sorriso condescendente
e tristura por un tempo morto

Cada pinga escorregando por
enrugas sen conciencia da súa orixe,
cada brisa, xiada, raio de sol,
neboeiro deitado sobre a ría,
rozará a miña pel cansa,
penetrará nos meus ollos ocos.
Serei unha realidade de peixe engaiolado
na procura de nada

Paradoxo de tempo sen tempo,
De viaxe sen partida nin chegada,
De suceso sen causa,
De mencer sen noite pasada

Pero eu sei.
Sei que a tenrura dunha caricia,
a calor dun abrazo,
a palabra amable;
despertarán un eco profundo, humano,
unha perplexa impresión de ter sido,
de ser tempo que transcorre,
e se sucede

Asdo. Kan Tarín

Nos Symboles de la France

Le Drapeau



L'origine du drapeau a été pendant la Révolution Française. Ses trois couleurs ont été créées par le Marquis de Lafayette.

L'ordre initiale était : rouge, blanc, bleu (de gauche à droite)

Pendant la Première République Française les couleurs ont changé à bleu, blanc et rouge.

La couleur blanche représentait la monarchie. Les couleurs rouge et bleu représentaient la ville de Paris.

La tour Eiffel

La tour Eiffel a été désignée par Gustave Eiffel pour l'Exposition Universelle de 1889.

Cette tour est dans le Champs de Mars, près de la Seine. C'est le monument plus visité du monde avec 6.893.000 visiteurs. Elle a une hauteur de 300 mètres. Elle a été la structure plus élevée du monde pendant plus de 40 ans. Aujourd'hui la Tour Eiffel sert comme émettrice de programmes de télévision et de radio.



La Marseillaise

La Marseillaise est l'hymne national de France depuis le 14 juillet 1795. Il a été écrit par le poète Rouget de Lisle en 1792. Le titre original est « Chant de guerre pour l'armée du Rhin ». La Marseillaise a été inventée pour encourager les soldats français dans la guerre contre l'Autriche. Son apprentissage est obligatoire en préscolaire et primaire.

Voilà une petite partie de la lettre :

Allons enfants de la Patrie
Le jour de gloire est arrivé.
Contre nous de la tyrannie
L'étendard sanglant est levé...



Le coq

Le mot latin « Gallus » veut dire « coq » et « gaulois ». Les romains utilisaient ce jeu de mots avec les gaulois, les envahissants de France.

Quand Napoléon substitue la République pour l'Empire, il substitue aussi le coq pour l'aigle parce qu'il dit : « le coq n'a pas de force et il ne peut pas être le symbole d'un Empire comme la France ».

Il symbolise la résistance du régime pendant la Révolution Française et c'est pourquoi il a été plus populaire.

En 1830, le Duc d'Orléans signe un mandat selon lequel le coq doit être représenté dans le drapeau et les uniformes de la garde réelle.

Il symbolise la liberté pendant la II République.

Le coq sera le symbole de la résistance française en face de l'aigle de Prusse pendant la Première Guerre Mondiale.

Le coq se transforme en symbole national d'une France qui a une origine paysanne, fière, obstinée et courageuse.

Le coq est présent dans le Musée du Louvre, le palais de Versailles...

Il est très important aussi dans le sport.

La Fondue

Elle consiste à mettre des morceaux d'aliments dans un liquide comme : le fromage, l'huile et le chocolat.

Après on met une petite marmite qui s'appelle fondue au centre de la table pour toutes les personnes qui mangent.

Fondue au Chocolat

Faire fondre le chocolat et introduire des fruits, biscuits, brioches...

Anecdotes

Pendant la fondue nous pouvons jouer à « vêtements ou punition ». Quand une personne qui mange perd un morceau de pain, brioche... Cette personne enlève un vêtement ou doit faire un ordre des autres personnes.



Le Tour du France

Le tour du France est une compétition cycliste par étapes. Cette compétition est composée de diverses étapes au long du territoire français et d'autres pays qui sont à côté.

Le tour a une durée de 3 semaines au mois de Juillet.

Parties du Tour :

- Un prologue
- 9 étapes plaines
- 6 étapes de montagne avec 3 arrivées en altitude.
- 4 étapes accidentées.
- 1 contre la montre individuel.



Le Tour commence en 1903 et il a été arrêté seulement dans la 1^{re} Guerre Mondiale et la 2^e Guerre Mondiale.

Le prix pour le gagnant est le maillot jaune, pour le gagnant de la montagne un maillot rose et pour le gagnant plus jeune un maillot blanc. Une des étapes plus importantes est quand le peloton doit franchir le Tourmalet.

Les gagnants plus célèbres sont :

- | | |
|-------------|-----------|
| - Contador | - Sastre |
| - Armstrong | - Pereiro |
| - Indurain | ... |



Caillou

Caillou est une série de dessins animés.

Caillou est un petit garçon de 4 ans avec une grande imagination, doux et innocent, et il surprend toutes les choses nouvelles. Les entreprises qui ont créé la série, son PBS et Cookie Jar. La série a été créée pour la non violence et la base apparaît dans les enquêtes du psychologue pour enfants, Nicole Nadeau.

En français, « Caillou » veut dire « chauve ».

Pourquoi est Caillou chauve ?

La légende urbaine dit que Caillou a la maladie du cancer, mais ce n'est pas la vérité, c'est parce que le personnage des contes était beaucoup plus jeune que celui de la télévision.

Alors comme les petits enfants n'ont pas de cheveux, on le représente comme ça.

Napoléon

Napoléon est né sur l'île de Corse en 1775. Il se démarque comme un grand militaire et politique. Il a nommé empereur. Napoléon Bonaparte est vaincu dans bataille du Waterloo et il est exilé sur l'île de Sainte Hélène, où il est mort en 1821. Napoléon gagne la gloire pour être le meilleur militaire plus jeune, avec 24 ans. Napoléon produit une révolution dans toute l'Europe avec sa politique et ses stratégies militaires. Après sa mort commence une nouvelle étape, celle de la Restauration, avec un gouvernement provisoire.



été
la



Le Calligramme

Composition poétique dans laquelle, à travers des recours typographiques, l'auteur représente une idée. C'est un poème-dessin qui produit une drôle impression. C'est Guillaume Apollinaire de Kostrowitzky.

Dans la classe de Français, les élèves de Troisième, nous avons travaillé avec le futur et pour apprendre à bien conjuguer ce temps verbal, nous avons inventé notre horoscope particulier. Pour nous, c'est une expérience très positive avec laquelle on a beaucoup appris et d'une manière très, très facile.

BÉLIER (Du 21 mars au 20 avril)



Tu auras mal á la tête parce que tu penses beaucoup. Mais tu vas trouver cinquante euros quand tu te promèneras par la “Junquera”

Jour de la bonne chance: DIMANCHE

Couleur de la bonne chance: VERT

Numéro de la bonne chance: VINGT ET UN

TAUREAU (Du 21 avril au 21 mai)



Tu vas laisser tomber ton amoureux/se parce que tu dois étudier beaucoup pour les examens de septembre.

Jour de la bonne chance: LUNDI

Couleur de la bonne chance: BLEU

Numéro de la bonne chance: TREIZE

GÉMEAUX (Du 22 mai au 21 juin)



Tu es fort comme un lion et tu trouveras une fortune. Ton économie va améliorer.

Jour de la bonne chance: SAMEDI

Couleur de la bonne chance: ROUGE

Numéro de la bonne chance: DIX-NEUF

CANCER (Du 22 juin au 23 juillet)



Quelques uns de tes amis changeront beaucoup cette année et ton meilleur ami te dira qu’il t’aime.

Jour de la bonne chance: JEUDI

Couleur de la bonne chance: ORANGE

Numéro de la bonne chance: NEUF

LION (Du 24 juillet au 23 août)



Tu voudras oublier ton amoureux/se parce qu'il/elle t'a fait mal. Tu vas gagner un concours littéraire.

Jour de la bonne chance: MERCREDI

Couleur de la bonne chance: JAUNE

Numéro de la bonne chance: VINGT-DEUX

VIERGE (Du 24 août au 23 septembre)



Ton meilleur ami et toi, vous serez heureux parce que votre amitié va être forte. Ton prof de plastique va te gronder pour faire mal la méditation.

Jour de la bonne chance: SAMEDI

Couleur de la bonne chance: BEIGE

Numéro de la bonne chance: SIX

BALANCE (Du 24 septembre au 23 octobre)



Tu seras très content(e) avec ton amoureux/se mais tu vas te mettre en colère avec un(e) ami(e).

Jour de la bonne chance: LUNDI

Couleur de la bonne chance: MARRON

Numéro de la bonne chance: VINGT-HUIT

SCORPION (Du 24 octobre au 22 novembre)



Ton économie sera bien, mais attention ! Il ne faut pas dépenser. Ta santé est magnifique tu pourras sauter, danser et être heureux/se.

Jour de la bonne chance: MARDI

Couleur de la bonne chance: ROSE

Numéro de la bonne chance: TROIS

SAGITTAIRE (Du 23 novembre au 21 décembre)



Ton professeur de gymnastique te punira avec cinquante-neuf abdominales et tu auras mal à la tête.

Jour de la bonne chance: VENDREDI

Couleur de la bonne chance: VIOLET

Numéro de la bonne chance: SEIZE

CAPRICORNE (Du 22 décembre au 20 janvier)



Tu vas connaître une personne qui va être ton meilleur ami mais tu perdras tout ton argent dans les paris de chevaux.

Jour de la bonne chance: MERCREDI

Couleur de la bonne chance: ARGENTÉ

Numéro de la bonne chance: QUATRE



VERSEAU (Du 21 janvier au 19 février)

Tu vas connaître une personne spéciale dans ton activité extraescolaire mais tu vas avoir mal à l'estomac.

Jour de la bonne chance: SAMEDI

Couleur de la bonne chance: NOIR

Numéro de la bonne chance: QUINZE

POISSON (Du 20 février au 20 mars)



Tu vas faire un voyage plein d'expériences spirituelles où tu vas trouver l'amour avec un(e) sagittaire.

Jour de la bonne chance: VENDREDI

Couleur de la bonne chance: BLANC

Numéro de la bonne chance: NEUF

ENGLISH THEATRE IN REDONDELA



O nove de decembro do 2010 os nosos alumnos de 3º de ESO, xunto con alumnos do IES Pedro Florianí, foron ao Multiusos de Redondela para disfrutar dunha obra de teatro en inglés. O título da representación foi “Going Underground”, da compañía Moving On Theatre Company.

Este é o argumento da obra: unha estación do metro londinense, a Down Street Station, está pechada ao tráfico e vaíse converter nun aparcamento soterrado. Unha profesora, Bob, decide levar alí aos seus alumnos antes de que comencen os traballos de demolición. Alí coñecen a Harry, o limpador da estación, e xuntos lembran a historia do metro de Londres. Harry, Bob e o público únense e intentan convencer ás autoridades para que non leven a cabo a demolición da

estación.

Creemos que os nosos alumnos “had a great time”. Os actores animáronos a falar, a cantar e mesmo a subir ao escenario. De feito, o que máis lles gustou a case todos foi a actuación de Alejandro Bouzón interpretando ao personaxe de Romeo.

Estas son algunhas das opinións dos alumnos:

“I liked it because the actors talked to the audience” (Pablo Táboas)

“It was easy to understand and it was funny. The time flew very fast. It was great!” (Cristina Garrido)

“It is interesting to go to a play in English” (Héctor Casado)

“Going Underground was very entertaining but the songs were stupid” (Laura López Otero)

“It is funny, interesting and it catches your attention” (Ángela Hernández Bouzón)

“The characters and the students did things that made us laugh”
(Xunqueira Ézara)

“What I liked the most was the moment when my friend Alejandro acted with them” (Patricia Pereira)

“The students’ performance is great. The play is easy to understand” (César Couñago)

TEN THINGS YOU DIDN’T KNOW ABOUT THE LONDON UNDERGROUND


1. The London Underground is also known as The Tube.
2. The London Underground is



- the oldest underground railway system in the world. The first section was opened in 1863.
3. During World War II many London Underground stations were used as air raid shelters. Some were used to store important museum and art treasures. The Central Line was converted into an aircraft factory.
 4. The Tube has got more than 400 kilometres of track. It is the second largest underground system in the world (first is Shanghai Metro)
 5. Over 1,073 million passengers are carried on the Tube each year.
 6. Green grapes cause more accidents on the Tube than banana skins.
-
7. Passengers who travel without a ticket must pay a penalty fare of £50 and can be prosecuted for fare evasion (under which they are subject to a fine of up to £1,000 or three months' imprisonment!)
 8. An estimated half a million mice live in the Underground system.
 9. The Tube is not fully "under ground". About 55% of the network is above ground.
 10. Apart from the 270 stations, there are more than 40 stations closed to the public and to trains. Many people think that there are ghosts in these stations.



ENCRUCILLADO DE POLÍGONOS




- 1) Polígono de oito lados.
- 2) Cuadrilátero con catro lados iguais e catro ángulos rectos.
- 3) Cuadrilátero con catro lados iguais e os ángulos iguais dous a dous.
- 4) Cuadrilátero con catro ángulos rectos e os lados iguais dous a dous.
- 5) Polígono de tres lados.
- 6) Cuadrilátero cos lados e os ángulos iguais dous a dous.
- 7) Cuadrilátero con dous lados paralelos e dous non.
- 8) Polígono de sete lados.
- 9) Polígono de seis lados.
- 10) Polígono de doce lados.

O MATE-LÍO

Seguro que nunca pensaches que fora tan difícil xuntar á xente coas súas mascotas. Non perdas o que ocorreu nun centro de acollida para animais extraviados. É un mate-lío de luxo. Verás:


Un bo día apareceron no centro de acollida os seguintes animais:

Un rato
Un can
Un gato
Un paxaro



O director do centro sabe que teñen estes nomes:

Indio
Coco
Chispa
Renata




Pero non sabe que nome lle corresponde a cada animal. Loxicamente ten que avisar correndo aos seus donos para que veñan buscar ás súas mascotas preferidas. O director do centro coñece os seus nomes:

Tareixa
Carlos
Ana
Roberto



Pero non sabe quen é o dono de cada animal. O que si sabe o directo é:



- Ningún nome nin especie de animal empeza coa mesma letra que o nome do dono.
- Indio non é o can e Renata non é o paxaro.
- Ana non é a dona nin do gato nin do can.
- O paxaro non pertence nin a Carlos nin a Roberto.
- Os animais cuxo nome termina en "a" non son o can nin pertencen a Tareixa.
- Chispa non é o gato nin o rato.


- Indio non é nin de Carlos nin de Tareixa.

Poderá o director do centro de acollida devolver o animal correcto a cada dono?

Que ten que ver isto coas matemáticas?

Este tipo de crebacabezas é un dos preferidos dos matemáticos. Lóxica pura en acción. Orde mental en funcionamento.

Para resolver este enigma convén ordenar as ideas. É moi importante ir descartando posibilidades segundo a información que se vai dando.



O NÚMERO PI



Cre de verdade que PI é un número e non é broma. De feito, é un número chulísimo que aparece en calquera cousa que teña forma circular.

O mesmo dá que sexa un tambor, un prato ou o borde dun vaso. Alí está sempre o número PI.

Como tal aos matemáticos dálles a risa lelo así: PI (sobre todo, se o matemático é tartamudo), pois utilizan un símbolo menos gracioso: π .



Copiárono dos antigos gregos, que escribían deste modo a letra "P".

Que diaño é o número PI?, preguntarás con toda a razón. π é a proporción que hai entre o perímetro e o diámetro dunha circunferencia. Para calculalo, busca un prato. Mide o seu perímetro e, logo, o seu diámetro. Divide ambos resultados.

O resultado é precisamente PI. Sempre, xa se trate de tambores, pratos, vasos, etc, sempre π é algo máis grande que 3, algo máis pequeno que 4.

A maioría da xente di que PI é igual a 3,1416; e é que á xente lle gusta resumir.

O certo é que π é un número decimal eterno. **É infinito!**

Aquí tes unha pequena parte do número π :

3,141592653589793238462643
 383279502884197169399375105820974944
 592307816406286208998628034825342117067982148
 08651328230664709384460955058223172535940812848111745028410270193
 852110555964462294895493038196442881097566593344612847564823786783165271
 20190914564856692346034861045432664821339360726024914... etc., etc., etc.

ATLETISMO







SOLUCIÓN POLÍGONOS

